

## O lobo. Entre a historia e a narrativa comparada.

*Rafael José Adalid Rodríguez*

### **Resumo.**

O documento que se presenta a continuación, versa sobre a figura e o papel do lobo na tradición oral e literaria. Ao longo deste manuscrito, inmiscirémonos de cheo no territorio galego, con breves paradas que ilustran a súa relevancia na historia e na narrativa doutras culturas. Ademais, a elaboración dun tratamento comparativo con outras áreas xeográficas, permitiranos establecer puntos en común, concluíndo crenzas primixenias e sucesos compartidos.

O lobo, como parte da literatura e da oralidade, constitúe un apartado esencial do acervo cultural galego e máis da idiosincrasia do noso ser. É incuestionable afirmar que, as diferentes mostras narrativas, xogan un papel primordial como transmisores de aprendizaxes e de valores, os cales xeran unha comprensión do mundo, medio ou entorno do que formamos parte.

### **1. Da prehistoria á historia.**

Aparece o ser humano, ergue a cabeza, observa a inmensidade e contempla un baleiro infindo do que penduran os astros. Dá lugar a necesidade inxerida da procura de explicacións que aclaren o sentido da súa vida, a súa presenza e maila dos restantes elementos naturais. Pensa, crea, imaxina e emprega o razoamento como instrumento para dar caza ao descoñecido. Intenta comprender a creación, á par que senta os alicerces das bases universais da orbe que rexen os contos, as lendas, os mitos e as crenzas.

Sae do berce maternal e bota a andar polo mundo adiante, ao longo do percorrido, en pleno tempero, bótase no chan e observa como dende o leito sobresaen por riba do resto dous astros: o sol e a lúa. Dous seres inmensos que proporcionan luz, iluminan os sendeiros sombríos e rexen as leis da natureza. Mais non só as árbores e as plantas crecen e ollan cara eles á espera de seren bendicidos, as persoas danse conta da súa grandiosidade e comezan a veneralos, bailes e danzas son empregados para solicitar favores. A narrativa que a eles lles chegou e que admiten como verdadeira afirma que son os creadores da vida, da natureza. Como non vai ser certo aquilo que nos contaran os nosos proxenitores? Emerxen figuras divinizadas, entre elas, a deusa feminina solar común aos indoeuropeos primitivos ou a lunar Ishtar na Asiria, zona da alta Mesopotamia. Deusa de gran relevancia, no amor, na fertilidade, na vida e nesta investigación, pois no poemario de Gilgamesh que data do 25000-2000 a.C, Ishtar/Inanna realiza unha das primeiras transformacións en lobo a un dos seus amantes.

O día a día dos primitivos non só versa entorno a idolatría ao sol ou á lúa, deben de alimentarse, a caza e a recolección constitúe o sustento principal do ser humano durante o período da prehistoria. Mais non está só, na cinexética interveñen outros seres vivos, outros competidores que intentan quitarlle o sustento, entre eles o lobo. Esta porfía pola manutención, trasládase nunha ameaza directa dende o neolítico por mor da gandería. As persoas, con agudeza, déronse conta das vantaxes da cría de animais, xa non é tan preciso desprazarse ante a carencia de comida.

Non difiren tanto un do outro, ao igual que as persoas, buscan sustento e viven en tribos ou manadas. Con anterioridade ao neolítico, testemuña o paleolítico a convivencia entre os dous seres, época na que os lobos xa se atopan impregnados nas paredes das covas. Unhas opinións din que o home foi quen de domesticalo e convertelo en can, que a evolución converteuno en dócil. Do que si temos coñecemento é da dualidade do devir: por un lado, o can convértese no mellor amigo do home; polo outro, o lobo, na procura de gando segue a

ser unha ameaza para veciñanza. Fan batidas contra el, intentan arrebatarlle a vida, crean os foxos... Unha pegada sobre a súa captura móstrase neste mesmo espazo.<sup>1</sup>

A expansión demográfica, o aumento de cultivos, a terra labrada, a deforestación, a caza, a desaparición de especies e outras accións pexorativas que xiran en contra do seu hábitat, propiciaron que o lobo baixase a comer e a matar gando. Polo tanto, é sinxelo que os residentes rurais considerasen ao lobo como un mal, e o negativo asóciase relixiosamente co díaño. Desta maneira, ábrense dúas portas a ter en conta: a vida diaria ou o sistema económico predominante no rural, o sector primario; ademais do factor da narrativa ou do cristianismo.

De prestarmos con atención as opinións e as tradicións que chegan aos nosos días, cualificaríamos a este ser por malvado e temible. Tanto estas como outras atribucións forman parte dun arquetipo universalizado, común á maioría das culturas. É mester preguntarnos pola causa, se puido ser por mor das situacións primixenias referidas como a competición, a levada de gando ou ben provocados por outros aspectos que a continuación trataremos. Para intentar darnos unha resposta o máis clarividente posible, deberemos analizar as diferentes culturas e as súas crenzas, permitíranos establecer aspectos comúns que segan a manter e así revelar unha sementeira orixinaria.

## 2. Unha visión histórica e cultural globalizada.

A visión e fama de malfeitor que se lle atribúe ao ser a estudo non é conxunta a tódolos pobos. En lugares como Xapón, os granxeiros adorábanos, deixaban comida preto das súas moradas, considerábano como protector fronte a devastación que puidesen causar os xabaris e mailos cervos nas súas colleitas.<sup>2</sup> Esta contraposición entre os animais, faise notoria nos ditos da comarca da Limia, se extrapolamos os ditos: *Onde anda o lobo non hai xabaris* e *cando anda o xabari non anda o lobo*<sup>3</sup>, observamos a antonomasia entre estes seres, facendo caso deles, o lobo garante a non aparición do porco bravo. Aquí é patente, polo tanto, o coñecemento da natureza e a comprensión que as persoas teñen do medio e do entorno co que conviven.

En contraposición á visión oriental, nos mitos escandinavos ou ben na coñecida por cultura nórdica e xermánica, caracterízanse por estar ligados co mal. A pesar de estar valorado como un símbolo de vitoria, xoga o papel primordial de ser o responsable da orde e do desastre. Ante todo, debemos ter presente que, neses territorios, os lobos son os depredadores máis comúns, sendo temidos e respectados por parte da poboación. Relaciónase con deidades como Loki, Odin, Tyr ou as Valkirias. Entre estes feras de catro patas que se atopan inxeridos dentro da súa mitoloxía temos a Fenrir<sup>4</sup>, ou os seus fillos Sköll, nome que se traduce por traizón e Hati, substantivo propio equivalente a odio. Participa no ragnarök e tentan comer ao sol e á lúa, acción esta última facilmente asociable a dotar de explicacións entorno aos eclipses xurdidos.

---

<sup>1</sup> Reboreda, A. "Espazos lupinos de Galicia", en *Actas das II xornadas de literatura oral. O mito que fascina: do lobo ao lobishome*, (Lugo, 2005), 60-112.

<sup>2</sup> Gauding, M. (2017): *La biblia de los signos y de los símbolos*. (Madrid: Gaia Ediciones), 241.

<sup>3</sup> Fonte oral: Conversación con veciños da comarca de A Limia (Ourense), 30 de xullo de 2022

<sup>4</sup> Un espazo onde de pode vislumbrar a impronta de Fenrir cos deuses, pode ser consultada na seguinte cita bibliográfica: Cotterell, A. (2008): *Mitos. Diccionario de mitología universal*. (Barcelona: Editorial Ariel), 200, 206-9.

Relativo á contorna do norte europeo, debemos de aludir á presenza e á crenza inxerida sobre a existencia doutros seres miríficos, como son os homes – oso ou os homes – lobo, de forma concreta nos territorios de Noruega, Suecia e Dinamarca.<sup>5</sup> Sen embargo, o análise desta figura, realizáremolo máis adiante.

A crenza que xira entorne ao lobo, circunscribe a toda Europa. A súa cosmogonía, é máis ampla a doutros continentes do planeta terra. Ao mesmo que nas zonas xa descritas do norte, na península ibérica, coa invasión dos pobos indoeuropeos e celtas inmisciuse o mito da devoración do sol por parte do lobo.<sup>6</sup> De feito, existe unha lenda celta que conta a caza dun gigantesco lobo por parte dun heroe, a cal se reproduce en cerámica ibérica.<sup>7</sup>

Na cultura celta, relaciónase coa maxia lunar e chega a ter unha conexión significativa coas divindades. Lug, considerado como o deus máis importante da mitoloxía irlandesa, é equiparado por César como o Mercurio galo,<sup>8</sup> quen se representa acompañado por dous destes seres. Entre outras cidades europeas que derivan o nome de Lug, a percepción de Manuel Alberro, atópase Lugo.<sup>9</sup> É dentro do albor da súa narrativa, onde damos con referencias que xa aluden á metamorfose en distintos animais, como a que adopta a deusa Morrigan cando se atopa con Cú Chulainn, heroe guerreiro céltico a quen trata de seducilo, mais ao ser rexeitada, enfadada, convértese en anguía, lobo e incluso nunha becerra vermella.<sup>10</sup>

E se falamos da relación cos astros, é obrigatorio citar a visibilidade que se dá dende o outro lado do océano, pois para os nativos americanos era un signo astrolóxico do zodíaco. Sen embargo, o papel primordial que en Europa representa o lobo, nesta zona é relevada pola figura do xaguar ou a do coiote; seres convertidos, estes dous últimos, en divindades. Cómpre destacar que, aínda que en certas zonas algún deus faga alusión a algún animal, sóese representa de forma antropomorfa, con trazos característicos do animal. Unha figura facilmente asociable co coiote é, no México antigo, Ueuecoyotl.<sup>11</sup>

De retornamos a vista cara o leste europeo, a presenza do lobo na coñecida por mitoloxía grecorromana toma partida dende a creación, pasa polo inframundo e chega ata o panteón: En Roma, a loba luperca amantou a Rómulo e Remo, un deles, fundaría a cidade. Mesmo lugar no que se celebraban as lupercais, as cales tiñan lugar a mediados do mes de febreiro, festa da cal, o seu nome, provén da palabra latina lupus. Na contorna grega, Hades viste con pel de lobo, Apolo é o seu rei e en Delfos, santuario deste último deus, hai unha estatua de bronce con este animal vixiando o tesouro do templo. Apolo goberna nel, desta maneira na Argólida, envía a un lobo a loitar contra un touro, ademais destaca por ser o protector dos pastores.

---

<sup>5</sup> González, E. (2016): *Leyendas y cuentos vikingos*. (Madrid: Miraguano Ediciones), 72.

<sup>6</sup> Herrero, A. (2020): *Bestiario Mitológico de España I Castilla, León y Sur*. (Italia: Amazon), 33.

<sup>7</sup> *Ibédem*, 79.

<sup>8</sup> Markale, J. (2008): *Pequeño diccionario de mitología céltica*. (Barcelona: José J. de Olañeta, Editor), 96.

<sup>9</sup> Alberro, M. (2004): *Diccionario mitológico y folklórico céltico*. (A Coruña: Briga Edicións), 183-4.

<sup>10</sup> Alberro, M. (2019): *Diosas celtas. Mitos, religión y leyendas*. (Madrid: Editorial Dilema), 101-11.

<sup>11</sup> Por se é de interese, para posible inmersión e empape de información sobre deuses que portan nomenclaturas de animais: Cotterell, A. (2008): *Mitos. Diccionario de mitología universal*. (Barcelona: Editorial Ariel), 245-6, 256, 274.

A extensión de Roma levou canda si o auxe do catolicismo, por contra da minoración do culto cara outras relixións ou do coñecido por pagá. Fai falla, polo tanto, botar un ollo á perspectiva herdada, dada a principal influencia exercida no noso continente e en especial no noso territorio, Galicia.

Certo é que, dende un primeiro momento, rodéanos a interpretación do trinomio pastor-rabaño-lobo como a tomada pola de Deus— persoas- demo. Equipárase así a nomenclatura do lobo coa do diaño, como ese ser malvado e temido que pode atacar ao rabaño e ás persoas. A pesar de todo, antes de centrarnos nas explicacións, debemos dar paso ás fontes das que xorde esas posibles consideracións.

Na Biblia atopamos moitos pasaxes nos que se referencia a este ser, como na prudencia do trato cos poderosos, ao que se equiparan a estes últimos co animal a estudo. Na Xénese 49:27 catalógase a Benxamín como lobo rapaz, pola mañá é quen de devorar á presa e á tarde reparte os despoños. En Isaías 11:6 e 65:25 na paz mesiánica e no novo ceo e nova terra, fálase de que o lobo poderá cohabitar e pacer co cordeiro. Ezequiel 22:27, asimila aos xefes como lobos, os cales desgarran á presa, derramando sangue e matándoa para acumular ganancias. Habacuc adxectiva a uns cabalos concretos como máis astutos que o lobo ao anoitecer. Sofonías 3:3 contra Xerusalén e os seus xefes, cualifica a uns xuíces como lobos nocturnos. Mateo 7:15 pide velarse dos falsos profetas, os cales veñen vestidos con pel de ovella pero en realidade, por dentro, son lobos rapaces. Xoán 10:12, no bo pastor, di que este último dá a súa vida polas ovellas, por contra o asalariado, quen cando ve vir ao lobo abandónaa e fuxe. Feitos 20:29, logo da súa partida virán lobos que non perdoarán ao rabaño. Todas estas citas das que facemos alusión, non son as únicas que se poden visualizar, outras referencias que aluden a el poden ser visibles en Lucas 10:3, Mateo 10:16 ou Xeremías 5:6.

A influencia exercida pola moralidade relixiosa non só provén do libro sacro. Dende o púlpito, o catedralicio ou outros espazos con aureola relixiosa, promóvense cultos e ensinanzas. Esa espiritualidade ou a aprendizaxe adquirida, entórnase plasmada tamén en espazos cun transfundo onírico, como aquelas que xorden nas representacións pictóricas. É mediante ela, a través da pintura, onde se mostran e asociamos facilmente os trazos de lobos e cánidos coa representación do demo: como nunha miniatura dun manuscrito milanés que data do século XIV, na que os diaños se levan as almas condenadas dos pecadores<sup>12</sup>, personaxes infernais que se atopan provistos con orellas e garras que simulan ser de lobo. Significativa é esta imaxe, pois portan as almas dos condenados na boca dun dragón.<sup>13</sup> Fóra do coñecido por can ou cadela, son numerosos os provistos dunha figura canina aparecidos noutras representacións, como o impreso por Nicolás Le Rouge en Troyes en 1496.<sup>14</sup> Noutros, móstranse seres híbridos, como na Herexía da deusa de Anton Eisen, que data de

---

<sup>12</sup> Lehner E. ans Lehner, J. (2020): Devils, demons and witchcraft. (Garden City, New York: Dover publications), XIII.

<sup>13</sup> Para máis información sobre a relación das serpes e dragóns coa relixión, pode ser de interese o seguinte artigo: Adalid Rodríguez, R. (2021): Serpes e dragóns. Paralelismos entre a tradición oral de Galicia e o norte peninsular, Galicia Encantada 17. Recuperado desde <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=3&id=3046> (Consultado o 07 de agosto de 2022).

<sup>14</sup> Lehner E. ans Lehner, J. (2020): Devils, demons and witchcraft. (Garden City, New York: Dover publications), 42.

finais do século XVI.<sup>15</sup> Destacables son tamén os gravados sobre a besta de Gévaudan, con certo parecido a un lobo.

Non é menos importante o aparecido na Divina comedia de Dante Alighieri, quen atopa unha loba no inferno. A relación dos ferozes cans con ese lugar ou como gardiáns das portas do mesmo, é notoria entre culturas e mitoloxías distanciadas. En Exipto, papiros antigos mostran a presenza dunha cadela/chacal no xuízo das almas ante a corte do inframundo de Osiris.<sup>16</sup> No seu maxín teñen a Anubis, con rostro coñecido, ao igual que Wepwawet, que é o guía dos defuntos.<sup>17</sup> Neste mesmo senso, na antiga Grecia, Cerbero é o can do Hades, encargado de velar a entrada das persoas ou das ánimas cara este sitio e de paso, impedir a saída dos defuntos.<sup>18</sup> En Galicia, o Urco, é aviso de morte e pode ter varias formas: Can do mar, Can negro... ou o denominado Can do Urco, cuxa denominación quere dicir can do inferno.<sup>19</sup> Este último ser, ou a súa equivalencia, atópase noutras mitoloxías.

### 3. **Ámbito literario.**

O tecer das palabras que se engloba baixo o xiro progresivo da roca, representada polo acto de contar e o recontar, promóvese dende o enfió da seriación vivir, escoitar e producir. Dotamos dunha importancia moi relevante a este campo, pois consideramos a literatura como un fiel reflexo da sociedade da época, do pensar, froito de accións que transmiten sucesos e alentan o seu día a día. Por veces, trata de camuflar baixo un nexo condutor a realidade percibida, pero se prestamos atención, mostra o que agochado se torna: percepcións, opinións, consideracións ou mesmo equiparacións son algúns dos poderes almacenados que alberga baixo o seu manto e poden ser descubertos.

Na singradura deste ámbito, toca comezar pola narrativa literaria breve, facémolo mediante o conto e a fábula, espazo no que tanto os animais como outros obxectos inanimados adquiren características e comportamentos propios do ser humano. Soltaremos o amarre dende a antiga e afamada Grecia, así como do imperio romano, onde Esopo e Fedro respectivamente, dan lugar a moitas destas formas contadas.<sup>20</sup> Historias nas que o lobo se converte no seu principal protagonista. Vexamos, desta maneira, os seus principais comportamentos nas que levan por título:

- O lobo e o cordeiro: O carnívoro, ante o reparo que lle poida causar comer a unha criatura inocente, busca calquera pretexto e escusa para devoralo.
- O lobo e a grúa: comendo un óso o ser que nos atinxe, quedóuselle atascado na gorxa e solicitando axuda coa ofrecida recompensa, apareceu a ave. O paxaro, sendo quen de socorrelo, non recibe o agradecemento prometido do salvaxe ser, quen considera como recompensa suficiente non habelo comido.
- A fábula que se circunscribe entorno ao asno e o lobo versa sobre a agudeza ou a intelixencia do burro, quen se libera de ser carne do depredador, deixando quedar ao último como un inxenuo.

---

<sup>15</sup> *Ibidem*, 164.

<sup>16</sup> *Ibidem*, 38.

<sup>17</sup> Cotterell, A. (2008): *Mitos. Diccionario de mitología universal*. (Barcelona: Editorial Ariel), 25

<sup>18</sup> Grimal, P. (1981): *Diccionario de mitología griega y romana*. (Barcelona: Editorial Paidós), 97.

<sup>19</sup> Reigosa A., Miranda X., Cuba X. R. (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos* (Vigo: Edición Xerais, 1999), 71, 246.

<sup>20</sup> *Fábulas recompiladas de: Fedro fábulas, Aviano fábulas e fábulas de Rómulo*. Biblioteca clásica Gredos (Madrid: Editorial Gredos, 2005).

- O lobo e o can: O depredador, que a ollos del se considera máis forte, dáse conta que está peor alimentado co mellor amigo do home. Baixo unha notoria fame e primeira percepción apetecible a ser como o el, pronto desbota a idea, non quere ficar encadeado e renegar da ansiada liberdade.
- A ovella, o cervo e o lobo: Neste apartado, aparecen os dous últimos como mentiráns e pouco fiables, intentando enganar e estafar ao ovino.
- Na historia que se transcribe entre a porca e o lobo, cóntase como este último “intenta axudala”, pero a porca, que está dando a luz, dáse conta de quen realmente é e das súas pretensións reais, conseguindo mantelo a distancia.
- Outras fábulas tratan sobre as variadas formas de morrer, mostrando a predilección entornada a unha nobre fronte a outra calquera, como a que así ocorre na fábula do lobo e o cabrito. Outra trata dunha guerra continua que atinxe ás ovellas e aos lobos, sendo estes últimos quen, con agudeza, rematan por gañala. Aparte da dun xuízo no que se atopan inmersos o lobo e unha raposa de por medio, aos cales non se lles remata por dar a razón.

De atendermos a estas versións grecorromanas, non debería catalogarse só por infamia ou perversidade, é o protagonista de narracións nas que remata por ser traizoado, como na fábula do lobo, a raposa e o pastor. É receptor de engano na coñecida por: o lobo e o vaqueiro infiel e noutras, como na que atopa a máscara da traxedia, simplemente non se lle pode asociar ningunha función transcendente.

Somos conscientes de que por natureza o lobo é cazador e depredador, mais se analizamos cada unha destas historias, podemos atribuír diversos adxectivos cualificativos ao actor principal, percibíndose como malvado, deshonesto, falso, mentireiro e actuando por momentos con certa perfidia. Por veces, móstrase a agudeza de argallar maneiras de atrapar a vítimas, sen embargo, fica engaiolado baixo a intelixencia dos outros animais. Estes escritos ilustran as dualidades lobo-can e as preferencias a estar sometido ou a ser libre.

O vieiro trazado no análise anterior, cumpríméntase co do norte da península ibérica. Ao longo dos seus territorios, son recollidos unha ampla variedade de formas da literatura oral. Entre estas formas, están as fábulas recompiladas polo gran José Miguel de Barandiaran ao longo do coñecido por Euskal Herria, nas cales atopamos versións que manteñen a este ser como protagonista.<sup>21</sup>

- O lobo ferido e o raposo cabaleiro: Nesta historia, ambos xogan o papel de ladróns. Durante o atraco que acometen corren sorte dispar, escapando o lobo malferido. No momento da fuxida discuten, o lobo solicítalle axuda e o raposo, con astucia, simula ter unha ferida máis grave. Co fin de dar carpetazo ao asunto, buscan unha terceira persoa que dirima quen debe levar a quen. Ao final, ao lobo tocoulle apandar e cargar co raposo.
- O asno e o lobo: Onde o burro, empregando a súa astucia, libérase de ser papado polo depredador.
- O burro coxo e o lobo ferrador: Ao igual que na fábula grega, o asno que está a punto de ser papado, finxe coxeira e cando o lobo lle vai ollar... recibe unha couce nos fociños.
- O lobo, o oso e o raposo: Fábula na que o oso se mostra, xunto co lobo, como vítima da agudeza e astucia do raposo.

---

<sup>21</sup> Barandiaran Irizar, L. (2011): *Antología de fábulas, cuentos y leyendas del País Vasco*. 16 ed. (Donostia: Txertoa). As páxinas que recollen as fábulas aludidas son todas as seguintes: 23, 24, 25, 26, 32, 33, 34.

- O lobo, o raposo e o leñador: O animal salvaxe intenta comer a un home, pero finalmente remata por facer caso e fiarse do leñador, sendo este último quen remata por darlle morte.

Tal e como é notorio, entre a Grecia Antiga e o País Vasco damos con dous arquetipos narrativos: Un xuízo entre o lobo e un raposo/a, aínda que con decisión dispar, intervindo no primeiro un mono e na segunda unha persoa como respectivos xuíces. Por outra banda, damos coa intelixencia do asno, amais da couce que lle solta ao lobo que intenta cazalo.

Ao longo dos territorios vascos, o mal é representado por unha figura coñecida como Gaueko, quen entre outras metamorfoses, pode adoptar forma de lobo negro e chega a devorar ovellas, pastores e mozas. Nalgúns relatos, é considerado como o díaño, xentil ou divindade relativa a estes últimos.<sup>22</sup> Polo que non se nos debe escapar novamente a intromisión relixiosa na asociación do demo con calquera mal, con aquilo que está reo do negativo e ademais, coa transmutación ao animal referido. Referente ao mesmo lugar, expomos que o ser mirífico coñecido por Basajaun é o protector dos rabaños, por tanto, protéxeos do lobo. Gizotso é o seu home lobo.

Non só son estes dous últimos os que relacionan directa ou indirectamente co lobo. En Cantabria, as Anjanas benfeitoras, axudan aos animais feridos e co báculo de freixo, calman as bestas do bosque. O Ojancano, por contra, leva un bastón co que se pode converter en serpe ou lobo e porta unha onda feita con pel deste. Sobre o Musgoso, damos con que representa ao ben, á protección, anda con escafpíns compostos coa súa pel e anunciaba cun asubío a próxima presenza deste.<sup>23</sup>

Proseguindo co enfiado fabular, ao igual que vimos ata o momento, en Asturias os contos teñen como protagonistas a animais, tanto salvaxes no que se atoparían o lobo ou a raposa, como o grupo formado polos domésticos, no que destaca a vaca, o tenreiro, o cocho, a ovella... Lugar no que se atopa a contraposición de mundo cultural e o natural, onde a vitoria do animal doméstico superpón a cultura por riba da natureza.<sup>24</sup> Entre algunhas das narracións que atopamos<sup>25</sup> vólvesenos atopar modelos ou arquetipos similares ás fábulas comentadas con anterioridade:

- El llobu y la yegua: Conseguindo que o lobo lle saque un obxecto punzante que o equino ten na pezuña, leva como agasallo unha couce na cara.
- El llobu, la oveja y el corderín: Se no país vasco é a astucia do asno que lle prega ir escoitar misa antes de que o mate, aquí protagonizan estes dous a mesma historia co mesmo final: liberarse de ser papado polo lobo.
- O protagonista Xuan representa por veces ao lobo, o mesmo que María á raposa. Cando se presentan estes dous seres, o conto segue o principio doutras fábulas vistas: a raposa remata por traizoar ao lobo, séndolle desleal.

<sup>22</sup> Barandiarán, J.M. (2014): Mitología vasca. 21ª ed. (Donostia: Txertoa), 62-4.

<sup>23</sup> Cabria, J.C. (2018): Dioses, mitos. Héroes y leyendas de Cantabria. 2ª ed. (Torrelavega: Librucos), 213-6.

<sup>24</sup> González-Quevedo, R. (2002): Antropología social y cultural de Asturias. (Granda-Siero: Ediciones Madú), 259-60.

<sup>25</sup> Ibídem, 260-1-.

Nas supersticións aragonesas, as patas de lobo cravábanse nas portas das casas para facer fronte ao mal ou aos poderes maléficos.<sup>26</sup> Ao mesmo que nos lugares referidos anteriormente, hai un ser que é protector do bosque, neste caso realiza a función unha loba mirífica. Por contra, o seu homónimo, o masculino lobo, simboliza ao mundo dos mortos e no ciclo mítico da natureza correspóndese co inverno; é a encarnación do mal, do medo, do terror e emprégase como figura para inducirlo aos máis pequenos.<sup>27</sup>

Dende a derradeira fonte bibliográfica exposta, atribúese a que os lobos podían ser encantados co son de gaitas. Se os encontros co lobo é un tema tradicional común a toda Europa, o arquetipo lobo-gaita é repetido en diversas áreas xeográficas onde o instrumento musical está presente. En Asturias danse este tipo de contos, vémolos por exemplo, ao contarse que unha noite, un gaiteiro que viña dunha romaría se atopou cunha manda de lobos; sendo incapaz de despistalos, nun momento dado saltou un muro e apertou sen querer o fol da gaita, obtendo por conseguinte a fuxida dos lobos.<sup>28</sup> Mesma deriva se prosegue en Galicia:

- Ía un gaiteiro na montaña e deitouse nun prado a repousar. Cando abriu os ollos, viu que o estaban a arrodear unha manda de lobos. Perdido e como bo gaiteiro que era, expuxo para si: De morrer, ei morrer tocando! No momento en que tocou, os lobos escaparon.<sup>29</sup>

O frecuente no narrado é que, o gaiteiro, sen telo previsto, faga sonar a gaita e os lobos escapen. Só nunha ocasión escoitamos a historia dun gaiteiro que, cando se sentiu perseguido, subiuse ao alto dunha póla a tocar, ante a contemplación ou admiración dun lobo.

Ademais de estar presentes os encontros con gaiteiros, son varias as conversas mantidas que aluden ás aparicións do lobo co gando e entre as persoas. Tales dicían:

- Meu pai, de noite, cando tiña que marchase sempre sentía que o acompañaba un lobo. Nunca lle fixo mal.<sup>30</sup>
- Cando iba coa miña abuela para a Mancima, un lobo levou a un año. Fomos avisar á xente, pero cando deron con el xa estaba morto.<sup>31</sup>
- Outra vez, vin unha sombra pasar rápida onda min e marchou cun año (...).<sup>32</sup>
- Daquelas baixaban tanto ao gando que nin tiñan reparo enfrontarse aos cas. Entón eran ben altos e grandes. Estando eu co gando acercárase un ás ovellas e non soltaba a que colleu, aínda que os cas se estivesen a enfrontar a el..<sup>33</sup>

---

<sup>26</sup> Gutierrez Lera, C. (2008): Breve inventario de seres mitolóxicos fantásticos y misteriosos de Aragón. 3ª Edición. (Zaragoza: Prames), 22.

<sup>27</sup> *Ibidem.* 24, 137-8.

<sup>28</sup> <https://liligaceltadasturies.wordpress.com/2016/03/20/aspeutos-mitoloxicos-del-llobu-nasturies/> (consultado o 18 de agosto de 2022).

<sup>29</sup> Fonte oral: A Limia (Ourense), 18 de xaneiro de 2019.

<sup>30</sup> Fonte oral: C. Concello de A Peroxa.

<sup>31</sup> Fonte oral: Conversación con veciños da comarca de A Limia (Ourense), 30 de xullo de 2022.

<sup>32</sup> *Ibidem.*

<sup>33</sup> Fonte oral: Conversación con veciños da comarca de A Limia (Ourense), 27 de maio de 2020.



Se ben observamos por estas descrições o respecto á fereza do lobo, o conto que protagoniza o músico referido, transmite atoparse perdido ante a presenza do grupo. O mesmo sucede na relatada en Galicia de conto: Un gaiteiro, ante os ouveos dos lobos botou a correr polo monte, pero enseguida cansou e arrimado a un carballo viu baixar catro lobos que o arrodearon. Por fortuna o lobo máis grande pisou o fol da gaita e co son liscaron.<sup>34</sup>

Chámanos a atención un texto coreano, que trata do intento de comer a un leñador por parte dun tigre. A historia vén transmitindo que, subido o leñador ao alto da póla dunha árbore, agardou a que o felino marchase e así sucedeu nunha primeira instancia, pero no intre en que regresou de volta, trouxo outros compañeiros que o intentaron papar. Resignado ao destino, colleu a súa fruta e comezou a tocar. Un dos tigres, o que comezaba a base da torre que estaban a construír os animais, comezou a bailar, o que dificultou que o resto mantivesen o equilibrio e rematasen por caer. Nese momento, levantouse un vento tan forte procedente da fruta do leñador, que levou consigo os corpos dos tigres, menos o do que seguía a bailar.<sup>35</sup>

Rechamante é atopar un conto dende o outro extremo da terra no que, ben un instrumento de aire ou a música, son quen de deter o ataque das feras. Como é apreciable, substitúese ao personaxe do lobo polo tigre. Dende as reminiscencias sonoras, non se nos debe escapar que é Perséfone quen espanta os animais coa melodía procedente de instrumentos musicais. Na localidade de Las Hurdes, un pastor fai fuxir a una manda de lobos facendo soar o tambor, no momento en que se ve arrodeado por eles.<sup>36</sup>

Na contorna galega, non só se relatan aqueles que aluden a esta interacción entre os dous seres, segue o compendio fabular dos espazos analizados. Atopamos entre outros os seguintes:<sup>37</sup>

- O lobo e a raposa asócianse para roubar a manteiga e o cordeiro: Como na vertente Asturiana, a raposa chámase María e ambos representaban un matrimonio. É o mesmo modelo de conto na que á raposa sae ben parada do roubo e o lobo sae escaldado.
- No esquío e o lobo: Todos os animais do monte o temen, logo de chegar a un acordo co feroz ser, algúns se sacrifican polo ben común. Cando é a quenda do esquío, con agudeza e sen enfrontarse ao temido ser, vénceo presentándolle a morte no fondo dun pozo.
- Na vella ovella e o lobo: Desta volta é mediante a intelixencia do ovino a que a libra, xunto coa súa filla, unha cordeira nova, de seren papadas polo sempre famento personaxe.
- No conto do lobo e a raposa collendo peixes no río: A raposa aprovéitase e traizoa ao lobo, alertando aos veciños da aldea da presenza deste, ao que rematan por lle dar morte.
- O lobo e a raposa: Estes dous matan a un carneiro e a astuta, aos poucos, vaino papando ela soa. Cando xa non queda nada, dille ao lobo que tire do rabo para sacar

---

<sup>34</sup> González Reboredo, X. M e Quintáns Suárez, M. (2005): Galicia de cuento. (A Coruña: Hércules de ediciones), 365.

<sup>35</sup> Miraguano ediciones (2001): Cuentos y leyendas tradicionales de Corea. (Madrid: Miraguano ediciones). 179-82.

<sup>36</sup> Herrero, A. (2020): Bestiario Mitológico de España I Castilla, León y Sur. (Italia: Amazon), 79.

<sup>37</sup> González Reboredo, X. M. e Quintáns Suárez, M. (2005): Galicia de cuento. (A Coruña: Hércules de ediciones), 368, .

o corpo de onde se atopa agochado. Dado que a raposa xa o comera, ao facer forza significativa o lobo caeu por un terraplén abaixo.

- O raposo e o lobo: Tal e como xa fixemos referencia, o lobo pode portar o nome de Xoán. Novamente, desta volta, o raposo, de nome Pedro, vólvese aproveitar do lobo, papándose toda a mel que ambos colleran das alvarizas.

Prestando atención ás fábulas, concluímos que: na nosa terra, ao igual que na narrativa Asturiana, compártese a nomenclatura da personificación do lobo como Xoán e o da raposa como María. Os contos, seguen o mesmo modelo que nos outros territorios, a raposa traizoa ao lobo e sae ben parada, a diferenza do lupo. Nestas narracións expostas, non vemos burro que se enfrente a el, pero si agudeza doutros animais que lles permiten ceibarse de seren tragados, tal como a do esquío ou a dunha ovella respectivamente, que garda a agudeza doutras áreas.

A tradición oral galega é rica e variada, contén fórmulas que tentan explicar a orixe e casuística de certos aspectos ou sucesos. Algunhas sobre o lobo aparecen nesta obra<sup>38</sup>, cos seguintes títulos:

- Como se lle ocorreu a Deus facer o lobo? Representa un pique de Deus co demo. neste caso o creador do lobo é Deus, a pesar de que se asocia co demo.
- Por que o lobo ten os cadrís caídos? Tenta explicar a mesma causa cuestionada e aparece a intervención de figuras diviñas na realización das especies.
- Por que os lobos se levan mal cos cans? Aquí apúntase á conversión de persoas en lobos por mando diviño, a orixe deste e a non amizade cos cans.
- Por que ten o lobo a boca tan grande? Expresa a causa do enunciado.
- Por que coxea o lobo? Por intervención diviña, solicítanlle que tema ao home.
- Por que o lobo teme ao home? O raposo incita ao lupo a baixar onde un ferreiro que lle fai fronte e o deixa moi danado. Se na mitoloxía vasca o lobo é creado por un ferreiro, aquí o mesmo traballo serve para explicar a orixe do respecto.
- Por que o lobo non sabe rastrexar? Volve a relación do lobo co can, quen lle solicita que o ensine a rastrexar e o fiel amigo do home rexeita a posibilidade.

Noutra torna, referente ao mundo católico, xa citamos os apartados da Biblia nos que aparece referenciado o lobo, ou a impregnación que se transmite a outros eidos como o artístico. Se desta volta facemos un alto nas lendas haxiográficas, observaremos con máis detemento a súa consideración:

- A lenda que protagoniza Francisco de Asís en Gubbio, Italia, segue os parámetros das enormes serpes que atemorizan aos veciños dun lugar, ao que polo xeral, a intervención dun/ha santo/a libera a aldea deste ser. Neste mesma, en vez os ofidios, a historia é protagonizada por un enorme lobo, o cal ten aterrizados aos seus habitantes. O santo Francisco acercóuselle a falar e o animal, dócil, tendeu a pata e aloumiñouno.<sup>39</sup>
- Froilán: Un feroz e enorme lobo deu morte ao seu asno, quen transportaba os seus libros. O lobo, que mansamente se acercou ao santo, cumpriría dende ese día o cometido do burriño.<sup>40</sup>

---

<sup>38</sup> Reigosa, A. e Miranda, X. (2002): Cando os animais falaban. (Vigo: Xerais), 39-45.

<sup>39</sup> De la Plaza Escudero, L. et al. (2020): Guía para identificar los santos de la iconografía cristiana. (Madrid: Ediciones Cátedra), 124-7.

<sup>40</sup> *Ibidem*, 136-7.

A outros santos, como a San Ignacio de Loyola, a representación iconográfica xunto co lobo, é debida a que provén do seu escudo de armas que dá lugar o apelido, o cal se representa por uns lobos e un pote.<sup>41</sup>

Todos os contos e centrándonos agora con exclusividade nos consabidos, son considerados como portadores de aprendizaxes. Estas fórmulas narradas son transmitidas nos primeiros tramos de idade, e fannos ver que debemos velarnos do lobo, quen, polo xeral, tal e como vimos, vén sendo o home grande e forzado, pero desprovisto ou carente de intelixencia.

No intre en que nolos son transmitidos, nós somos novos e observamos que el busca a maneira de devorarnos, temos medo de que apareza o lobo feroz, de que nos devore... Pero por que os nosos maiores, os que transmiten a historia, xa non lles temen? En verdade non existe? Xa están acostumados aos golpes da vida? ou é por que se centran en contarllos aos máis débiles en forza? Con respecto a esta última pregunta, nun dos análises da ensinanza que se expón sobre o conto de carapuchiña vermella, explícase acertadamente que se debe comprender a época e o momento, nun tempo cheo de ameazas e ante perigos reais para os máis débiles fóra do fogar: asaltantes, asasinos, borrachos... polo que intenta advertir dos perigos do mundo exterior.<sup>42</sup>

Antes, a pesar de personificar certos atributos do animal salvaxe ou mesmo de ser receptor dos enganos e maila picaresca do/a raposo/a, denotabamos que era un animal capaz de realizar cousas impropias das boas persoas. Agora, coa capacidade de razoamento ampliada, é fácil comprender a identificación do lobo como o home malo ou pueril. Esta asociación, xera facilmente unha afinidade co mal e se do mal falamos, quizás deberíamos atender ao paralelismo do lobo co demo en certas concepcións. Ambos están ligados co mal, sempre que hai mal ou algún problema, está o diaño de por medio. Por tanto, é clara en certas persoas, épocas, culturas e crenzas a asimilación do trinomio medo- lobo- demo.

Ademais de compartila, non se debe desbotar a visión de que, os numerosos contos que chegaron a nós, conteñan no seu interior reflexos do evanxeo cristiá: Carapuchiña vermella, os tres porquiños, os sete cabritiños...<sup>43</sup> No análise que se fai do lobo neste último texto, denótanse as características coas que Deus describe ao diaño: mentirán e asasino (Xoán 8, 44), quen baixo o disface de anxo de luz, voz suave e patas brancas intenta adular con regalos, para que unha vez aberta a porta, pequemos e nos coma.<sup>44</sup>

Se no momento de tratar os contos de lobos e gaiteiros vimos o cambio da figura do lobo pola do tigre en Corea, encontramos de novo esta similitude nun similar ao dos sete cabritiños, coa novamente variante de que a función do lobo é substituída pola do tigre e a dos cabritiños por tres nenas. Se ben, a diferenza do europeo, debemos deixar claro que, na versión oriental, o Soberano do ceo é o que lles presta axuda e empregan este elemento para explicar o xurdimento do sol, lúa e o luceiro da alba.<sup>45</sup>

---

<sup>41</sup> <https://www.flacsi.net/noticias/flacsi-sabes-de-donde-viene-el-nombre-de-loyola/> (Consultado o 18 de agosto de 2022)

<sup>42</sup> Bucay, J. (2017): Cuentos clásicos para conocerte mejor. (Barcelona: Espasa), 109.

<sup>43</sup> Blanco Albarova, D. (2020): Érase una vez el Evangelio en los cuentos. (Madrid: Encuentro).

<sup>44</sup> *Ibíd*em, 33.

<sup>45</sup> Miraguano ediciones (2001): Cuentos y leyendas tradicionales de Corea. (Madrid: Miraguano ediciones). 63-9,

A pesar destes análises continuos con certo ton negativo, non se nos pode esquecer que os lobos, ou a loba, tamén gardan o seu instinto máis *humano* ou *maternal*, como no conto de Mowgli, que encarna sucesos tan reais como foi a cría de humanos entre e por parte de lobos.

#### 4. Home lobo

De forma clara e precisa podemos dicir que, o mito, dá lugar á creación do home-lobo, personaxe que tanto atemorizou no maxín popular a colectividades enteiras de persoas. Cales son os mitos máis relevantes que permiten analizar o comezo da transformación do home en lobo?

Non se pode afirmar con vehemencia que o lobishome galego proceda dun lugar concreto ou doutro. Coñecemos, iso si, algunhas fontes que chegaron aos nosos días e que poden ser o xerme da proliferación da crenza na transformación do home en animal. Mais ao igual que non todos os documentos escritos chegaron onda nós, a oralidade tampouco o fai. Tal e como afirma o reputado Jean Markale, ao principio, a tradición transmitida entre as xeracións celtas unicamente era por vía oral, pois prohibían o uso da escritura.<sup>46</sup> Polo que fixalo orixe exacto, non sería correcto, pois pode ser que xurdan a través do vertido por varias fontes primixenias, ben dun orixe común ou único en distintas etapas históricas.

Como expuxemos ao comezo deste documento, Ishtar/Inanna, deusa de gran relevancia, no Gilgamesh, que data do 2500-2000 a.C, realiza unha das primeiras transformacións coñecidas, ao converter nun lobo a un dos seus amantes.

Na Grecia antiga, xa no século V a. C, Herodoto apuntaba sobre os neuros que unha vez ao ano, durante uns poucos días, se convertían en lobo. No ciclo mítico, os casos máis popularizados son os seguintes:

- Zeus, que estaba casado con Hera, nun dos seus múltiples encontros deixou embarazada a Leto. A fin de protexela, converteuna en lobo, quen acabaría dando a luz a Artemis e a Apolo, de quen xa describimos a súa relación con ese animal.
- Grazas a Eratóstenes somos coñecedores das primeiras referencias a licántropos, procedentes de Hesíodo: No mito de Licaón, Zeus namórase de Calisto, filla do primeiro e froito dese amor conciben a Árcade. Licaón, coñecedor do asunto, convida a Zeus a hospedarse e no banquete, sitúalle o corpo desfeito de Árcade como parte del. O gran deus dáse conta e remata por destruír a casa deste, para máis desgraza, transfórmao en lobo.
- A feiticeira Circe, é capaz de transformar a homes en animais, o que nos fai conxugar a visión grega coa das historias galegas ao falar da transformación por meigallo.

Entorno ao mito de Licaón, pero en versión romana, damos coa obra de arte máis significativa sobre o home-lobo en óleo sobre lenzo. Tal obra é titulada: Xúpiter e Licaón. Data entre 1636-1638, é de Jan Cossiers e representa unha pasaxe da *Metamorfose* de Ovidio. En último lugar, destacar que as transformacións en lobo tamén son apreciáveis no *Satiricón*, do século I.

Estes parámetros da narrativa grega: o engano na comida a Zeus ou a transformación en lobo causada polo mesmo, en menor medida son apreciable na tradición oral galega. Nunha recolla<sup>47</sup>, lemos sobre aproveitamento que se intenta promover cara Xesúscristo e San Pedro,

---

<sup>46</sup> Jean Markale (1989): *Druidas*. (Madrid: Altea, Taurus, Alfaguara, S. A.), 15.

<sup>47</sup> Garrosa Gude, J. L.. "Unha inquitante presenza: lobos e lobishomes no imaxinario galego e universal.", en *Actas das II xornadas de literatura oral. O mito que fascina: do lobo ao lobishome*, (Lugo, 2005), 116. A

quen son convidados a xantar e cando van, danlle de comer un can. O primeiro alerta ao santo de que en realidade o que lle serven é can e do dito final, denótase que os anfitrións son convertidos en lobos.

De socavar no mesmo terreo, debemos de referenciar á Biblia, quen expón que o rei Nabucodonosor II (630-562 a.C.), rei babilónico da dinastía caldea, adopta a transformación nun animal por mor dun castigo divino.

No tocante á transformación por meigallo que falabamos no tocante a Circe, moitos anos despois do asolagamento da aldea de Alberguería, demos cunha narración nativa deste lugar fóra da comarca. A cal a expomos tal cal foi recollida, dada a importancia histórica que pode ter.

*“(...) había os lobos da xente, por exemplo: unha vez unha señora, a miña nai me contaba que ían co carro e ían o marido e a muller e o marido que ía con ela e que lle dixo... vaite por aí co carro e coas vacas que eu vou por aquí arreglar non sei que, e ten cuidado se che sale o lobo da xente. Se che sale o lobo da xente tú dalle coa vara ata que o mates, non te deixes comer. Entón saíulle polo camiño o lobo da xente e o lobo da xente, resulta que empezou a paus a el e venceu e marchou. Pero despois cando volveu el agarrouna por un refaixo que ela levaba roxo e quedáronlle as mircias do refaixo nos dentes. Cando volveu o marido que lle dixo: Cari, ti es o lobo da xente que tes as mircias do meu refaixo na boca e el que lle dixo que si, que era malaias que lle botaba a madriña e que se tiña que pór de lobo da xente. Entonces si dejaban comer seguía, se non deixaba comer pois despois xa lle marchaba a fada esa. Dícian que era unha fada que tiña.”<sup>48</sup>*

Non en van, na arte, é visible a apreciación dunha bruxa convertida en home lobo, atacando aos viandantes como o impreso por Johann Grüniger en Estrasburgo en 1517.<sup>49</sup>

Non debemos quedarnos só no transfundo histórico, os lindes coas localidades próximas ou as máis afastadas, que son curtas á vez por cuestións históricas, resultan importantes. Tal e como fixemos nos contos e nas fábulas, son fundamentais mencionalas. Vexamos pois, outros espazos da área ibérica, europea e mundial.

En Aragón, continuando cos maleficios ou meigallos, na lenda coñecida por Caxico de Villanovilla, unha moza arrincou a venda que unía a incisión dunha árbore sagrada, cando casou e tivo dous fillos, un maleficio caeu sobre os nenos e acabaron por transformarse en omes lupo.<sup>50</sup> Do ome lupo de Alcolea, crese que foi enmeigado por bruxas.<sup>51</sup> Na mesma

---

súa vez recolle a cita bibliográfica de procedencia: M.<sup>ª</sup> Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e M.<sup>ª</sup> Mercedes Salvador, pról. A. Requeixo, *Da fala dos breñegos: literatura oral do concello de Abadín* (Lugo: Museo Provincial / Deputación provincial, 2004) p. 107.

<sup>48</sup> Fonte oral e citada en Adalid Rodríguez, R. (2020): Entre la sorgin y la meiga. Relaciones y paralelismos culturales, *Anuario de Eusko-Folklore etnografía y paletnografía* 129. (2019-2020).

<sup>49</sup> Lehner E. ans Lehner, J. (2020): Devils, demons and witchcraft. (Garden City, New York: Dover publications), 64.

<sup>50</sup> Gutierrez Lera, C. (2008): Breve inventario de seres mitológicos fantásticos y misteriosos de Aragón. 3ª Edición. (Zaragoza: Prames), 63.

<sup>51</sup> *Ibíd*em, 165

comunidade, danse historias de homes lobo convertidos por unha maldición materna, ou por parte do pai, por comer carne en cuaresma.

Máis ao sur, en Castela a Mancha e no sureste de España, críase na figura do Lobo hechizado o fechizado, persoa capaz de converterse en lobo durante a noite por mor dun feitizo, sen chegar a perder a forma antropomorfa, crecíalle o pelo, unllas e os caninos.<sup>52</sup>

Na nosa terra, a figura máis representativa é a de Romasanta, quen representa a conversión, cambio ou transición na forma de ser dunha persoa, cara as características propias xa referidas do lobo como a violencia, a ferocidade... esta adxectivación é o que lle permitiu gañarse a acepción de home-lobo. Se ben, foi un personaxe real, a súa figura e a doutros, foron empregados para asustar aos máis novos, véxase a figura do home do unto ou a do home da sangue en Castelaus, Vilar de Santos.<sup>53</sup>

Existen escritos do lobishome noutros países culturalmente homónimos ao noso. Algunhas delas, tal e como o estudoso Manuel Alberro o expón<sup>54</sup>, aparecen en Portugal, no Cancioneiro de García Resende ou en Francia, concretamente na Bretaña francesa, nunha inscrición sobre unha viga da abadía de Bon-Repos, en Saint-Nicola du Pélem.

Xa que referenciamos varias veces a Corea, non se nos debe escapar a figura da muller-raposa, onde un raposo branco se torna nunha persoa para causar mal e mortes. Aquí, neste libro,<sup>55</sup> son visibles diversas lendas nas que se ve como actúa. Con claridade, denótase o cambio de papel entre o home lobo e a muller raposa.

Como último apuntamento, dicir que no Dicionario dos seres míticos galegos<sup>56</sup>, deidade literaria do noso patrimonio, expónse varias figuras de interese e o motivo que leva a algunhas destas persoas a converterse no ser a estudo. Inclusive recolle outras figuras míticas da nosa tradición que gardan relación co lobo.

## **Conclusión.**

Dende a aparición do ser humano, o home non está só, convive tanto con seres vivos como con outros animais. A comida escasea, ante a necesidade alimentaria depreda, mais na loita cinxética non está só, novos competidores como o lobo aparecen no entorno e o sustento ou a manutención periga. Decátase cando descobre a gandaría que precisa defenderse do lobo. Aséntanse e transcorren os anos. A presenza da súa intromisión, denota a vantaxe de liberar as colleitas da presenza doutros consumidores, mais non é a primeira vez que todo aquilo que lle costou construír, o tempo invertido na cría e outros quefaceres bótanse abaixo cando ese considerado mal, de forma individual ou en grupo, ataca con ferocidade a inocentes animais.

Os cans, parentes e provinte da evolución ou a domesticación dos mesmos, axudan a facerlle fronte, con todo, a súa profunda amizade e achegas non son suficientes. Fanse batidas contra

---

<sup>52</sup> Herrero, A. (2020): Bestiario Mitolóxico de España I Castilla, León y Sur. (Italia: Amazon), 225-6

<sup>53</sup> Adalid Rodríguez, R. (2020): Contos, lendas e mitos da auga na Limia e pequenas achegas, Galicia encantada, nº. 16. p. 10. Recuperado dende <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=34&id=2886> .

<sup>54</sup> Alberro, M. (2004): Dicionario mitolóxico y folklórico céltico. (A Coruña: Briga Edicións), 181.

<sup>55</sup> Miraguano ediciones (2001): Cuentos y leyendas tradicionales de Corea. (Madrid: Miraguano ediciones). 45-9, 119-29.

<sup>56</sup> Antonio Reigosa, Xosé Miranda, Xoán Ramiro Cuba, *Diccionario dos seres míticos galegos* (Vigo: Edición Xerais, 1999).

el, intentan arrebatarlle a vida, crean os foxos... É un ser temido. Nunha sociedade que medía a riqueza polas cabezas de gando ou as propiedades cultivables, pode supor o paso dunha vida “común” aínda que moi pobre á plena mendicidade.

As persoas compoñen e recompoñen a tradición oral. Aínda que a visión cara este ser non sexa unánime no contexto mundial, a fama de malfeitor que se lle atribúe ao ser a estudo faino estar ligada ao mal, sobre todo dende a perspectiva europea: Fenrir, Sköll, Hati... Relativas pegadas fican inxeridas nos múltiples mitos, lendas e contos que recrea a sociedade: transformacións de home/muller ou deuses/deusas en lobo que se reiteran nas culturas grecorromana, celta e incluso noutras alleas do contexto de Europa, onde se chegan a representar aos seus deuses con atributos propios de cánidos. Denotan, por veces, bondade a súa achega vai dende a creación de Roma por amantar aos seus fundadores, ou á hora de criar outras tantas persoas/nenos que nun momento dado se atoparon sos, abandonados.

O concepto de infame e perverso é asumido polo libro sacro. Do catolicismo é propio interpretar o trinomio pastor- rabaño- lobo como a tomada pola de Deus- persoas- demo. A influencia exercida pola moralidade relixiosa tingue outros ámbitos culturais como o artístico: gravados, representacións en manuscritos, cadros como o de Xúpiter e Licaón... No eido relixioso, hai santos como Francisco de Asís ou Froilán, que teñen lendas relacionadas con este ser.

Consecuente á oralidade e á escrita, a literatura empápase de lobos, transformacións e homes lobos. O home perverso acada esta cualificación sobre todo nos contos e nas fábulas. Na cultura grecorromana, se analizamos cada unha destas fórmulas, podemos atribuír diversos adxectivos cualificativos ao actor principal, percibíndose como malvado, deshonesto, falso, mentireiro e actuando por momentos con certa perfidia. Tamén se mostra a súa agudeza á hora de argallar maneiras para atrapar ás vítimas, aínda que por veces fiquen engaiolado baixo a intelixencia doutros animais. Son visibles as dualidades lobo-can e as preferencias a estar sometido ou libre.

Respecto ás fábulas, son visibles lazos, nexos comúns a outras zonas e territorios. Arquetipos e modelos repetidos nalgúns territorios do norte peninsular e no pasado histórico, como en Grecia e Roma, ao igual que nestas últimas áreas:

- No País Vasco, tendo en conta as fábulas recompiladas por Barandiaran, damos cun xuízo entre un lobo e un raposo/a, aínda que con decisión e xuíz dispar. Por outra banda, tamén damos coa intelixencia do asno, amais da couce que lle solta ao lobo que intenta cazalo.
- En Asturias volvemos dar coa agudeza dun equino que lle agasalla cunha couce na cara ao lobo. Se no país vasco é a astucia do asno que lle prega ir escoitar misa antes de que o mate, aquí protagonizan estes dous a mesma historia co mesmo final: liberarse de ser papado polo lobo. Ao igual que noutras paraxes, o lobo remata por ser traizoado por unha raposa.
- Na nosa terra, ao igual que na narrativa Asturiana, compártese o nome do lobo (Xoán) e o da raposa (María). Este xénero literario segue, en parte, o mesmo modelo que nos outros territorios, a raposa traizoa ao lobo e sae ben parada, a diferenza do lobo. Neste caso, non vemos burro que se enfrente a el e se ceibe de ser papado, pero si outros como o esquío e unha ovella respectivamente que se liberan do funesto acto grazas á intelixencia. A tradición oral galega é tan rica e variada, que contén fórmulas que tentan explicar a orixe e casuística de certos aspectos do lupo e da vida cotiá.

En resumidas contas, en Galicia obsérvanse os seguintes modelos equiparables:

- En primeiro lugar a personificación en moitas das historias do lobo e do raposo, que realizan obras propias das persoas e inclusive portan nomes propios comúns a outras áreas: María a raposa, Xoán o lobo e o raposo masculino Pedro. Mentres o lobo encarna a pouca agudeza, a raposa e o raposo o contrario.
- O aproveitamento e a traizón por parte da raposa ao lobo, así como o aviso a unha persoa que lle remata por dar morte.
- A intelixencia dos animais, sérvenlle para evitar ser dixeridos.

Nos contos, común é ver a relación dos lobos cos gaiteiros: en Aragón coméntase que os lobos podían ser encantados co son de gaitas. En Asturias, onde frecuentemente o son, que emite un gaiteiro ao tocar ou o lobo ao chafar sen querer un fol, remata por librar de que o lobo, ou a manda, lle presentasen a morte. Mesmo terzo en Galicia, no que se repite a casuística asturiana. En parte parecido, pero substituíndo a figura do lobo polo tigre e a da gaita pola frauta dáse en Corea.

Para complicar máis o asunto, podemos crear un nó no que se detecten certas identificacións, como o banquete ao que é invitado Zeus e lle poñen ao seu fillo de prato, coa galega na que: Xesús Cristo e San Pedro, recorrendo o mundo son convidados a xantar e póñenlle can. En ambos casos, os seres converten en lobo aos anfitrións logo de intentar enganalos. Se Circe converte a persoas en animais, nós tamén temos aos pais ou madriñas que nos boten esa fada.

Con estas aproximacións, non queremos dicir que as historias equiparadas proveñan de Grecia e Roma ou do noso pasado celta. Ante un ser común, as historias poden ter un xurdimento espontáneo, pero tamén poden ser debidas a unha osmose da convivencia, dos lindes fronteirizos, do contacto entre culturas próximas ou afastadas, así como a unha raíz histórica ou primixenia común. Mais o que si é innegable, son certos paralelismos ecuánimes.

Todos esta fórmulas, conteñan ou non un transfundo relixioso, son considerados como transmisores de aprendizaxes. As mesmas, son transmitidas nos primeiros tramos de idade, fannos ver que debemos velarnos del. A pesar de que os textos expostos atendan a unha realidade social propia de séculos atrás, o lobo, o mal ou calquera acto dunha persoa que se circunscribe na capacidade de realizar cousas impropias das boas persoas, segue a estar presente.

Atributos que dan lugar á creación do home-lobo, personaxe que tanto atemorizou no maxín popular a colectividade enteira de persoas e que tamén se repite ao longo de diversas zonas: Galicia, País Vasco, Aragón, Castela a Mancha, Portugal, Bretaña francesa, nos países nórdicos...



## Bibliografía.

- Adalid, Rafael (2021): «Serpes e dragóns. Paralelismos entre a tradición oral de Galicia e o norte peninsular», en *Galicia Encantada* n.º. 17. Recuperado desde <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=3&id=3046>
- Adalid, Rafael. (2020): «Entre la sorgin y la meiga. Relaciones y paralelismos culturales», *Anuario de Eusko-Folklore etnografía y paletnografía*. n.º. 54. 2019-2020.
- Adalid, Rafael (2020): «Contos, lendas e mitos da auga na Limia e pequenas achegas», en *Galicia encantada*, n.º. 16. Recuperado dende <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=34&id=2886>
- Alberro, Manuel (2019): *Diosas celtas. Mitos, religión y leyendas*. (Madrid: Editorial Dilema).
- Alberro, Manuel (2004): *Diccionario mitológico y folklórico céltico*. (A Coruña: Briga edicions).
- Barandiaran Irizar, Luis (2011): *Antología de fábulas, cuentos y leyendas del País Vasco*. 16 ed. (Donostia: Txertoa).
- Barandiarán, José Miguel (2014): *Mitología vasca*. 21ª ed. (Donostia: Txertoa).
- Blanco Albarova, Diego. (2020): *Érase una vez el Evangelio en los cuentos*. (Madrid: Encuentro).
- Bucay, Jorge (2017): *Cuentos clásicos para conocerte mejor*. (Barcelona: Espasa).
- Cabria, Juan Carlos (2018): *Dioses, mitos. Héroes y leyendas de Cantabria*. 2ª ed. (Torrelavega: Librucos.)
- Cotterell, Arthur (2008): *Mitos. Diccionario de mitología universal*. (Barcelona: Editorial Ariel).
- De la Plaza Escudero, Lorenzo, et al. (2020): *Guía para identificar los santos de la iconografía cristiana*. (Madrid: Ediciones Cátedra).
- Garrosa Gude, José Luís. “Unha inquietante presenza: lobos e lobishomes no imaxinario galego e universal.”, en *Actas das II xornadas de literatura oral. O mito que fascina: do lobo ao lobishome*. Lugo, 2005.
- Gauding, Madonna (2017): *La biblia de los signos y de los símbolos*. (Madrid: Gaia Ediciones).
- González, Edorta (2016): *Leyendas y cuentos vikingos*. (Madrid: Miraguano Ediciones).
- González-Quevedo, Roberto (2002): *Antropología social y cultural de Asturias*. (Granda-Siero: Ediciones Madú).
- González Reboredo, Xosé Manuel & Villar, Manuel (2005): *Galicia de cuento*. (A Coruña: Hércules de Ediciones).
- Gredos: *Fedro fábulas, Aviano fábulas e fábulas de Rómulo. Biblioteca clásica Gredos* (Madrid: Editorial Gredos, 2005).
- Grimal, Pierre (1981): *Diccionario de mitología griega y romana*. (Barcelona: Editorial Paidós).
- Gutierrez Lera, Chema (2008): *Breve inventario de seres mitológicos fantásticos y misteriosos de Aragón*. 3ª Edición. (Zaragoza: Prames).
- Lehner, Ernst and Lehner, Johanna (2020): *Devils, demons and witchcraft*. (Garden City, New York: Dover publications), XIII.
- Herrero, Alejandro (2020): *Bestiario Mitológico de España I Castilla, León y Sur*. (Italia: Amazon).

Markale, Jean (2008): *Pequeño diccionario de mitología céltica*. (Barcelona: José J. de Olañeta, Editor).

Markale, Jean (1989): *Druidas*. (Madrid: Altea, Taurus, Alfaguara, S. A.).

Miraguano ediciones (2001): *Cuentos y leyendas tradicionales de Corea*. (Madrid: Miraguano ediciones).

Reboreda, Alberte. “Espazos lupinos de Galicia”, en *Actas das II xornadas de literatura oral. O mito que fascina: do lobo ao lobishome*. Lugo, 2005.

Reigosa, Antonio e Miranda, Xosé (2002): *Cando os animais falaban*. (Vigo: Xerais).

Reigosa, Antonio; Miranda, Xosé & Cuba, Xoán (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*. (Vigo: Edición Xerais).

### **Webgrafía**

<https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=3&id=3046>

<https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=34&id=2886>

<https://liligaceltadasturies.wordpress.com/2016/03/20/aspeutos-mitoloxicos-del-llobu-nasturies/>

<https://www.flacsi.net/noticias/flacsi-sabes-de-donde-viene-el-nombre-de-loyola/>